

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0269	Confección industrial	2023/2024	10	266	319

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	SONIA LÓPEZ CAMPOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo MP0269 Confección industrial pertencente ao 1º CURSO DO CICLO MEDIO CMTCP01, Confección e moda, toma como referencia o REAL DECRETO 955/2008, de 6 de junio, por el que se establece el título de Técnico en Confección y Moda y se fijan sus enseñanzas mínimas.

Este profesional exerce a súa actividade en establecementos e industrias de confección e moda dedicados á preparación e ao corte de materiais, á produción de pezas, ao remate industrial de pezas e complementos de vestir en téxtil e pel e artigos téxtiles para o fogar, usos industriais e deportivos. De igual modo, pode exercer a súa actividade en talleres ou mercerías dedicadas á realización de vestiario á medida.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Confeccionista.
- Axudante de xastraría e modistaría.
- Especialista en confección.
- Oficial de confección.
- Operador/a de máquinas industriais de coser e bordar.
- Cosedor/a ensamblador/a.
- Pasador/a acabador/a.
- Operador/a de máquinas de remate.

O currículo que se establece neste módulo ten en conta obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos, e criterios da avaliación, que o alumno debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo.

Os contidos que os alumnos van a aprender ao longo do curso 2022/2023 neste Ciclo de Técnico en Confección e Moda están en relación coa realidade socioeconómica galega e coas necesidades de cualificación do sector produtivo en canto a unha especialización polivalente.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Manexo e posta a punto das máquinas de coser.	Estudio e preparación das máquinas e utensilios para o ensamblaxe na confección industrial. Aplicación de normas de seguridade e parámetros de calidade.	33	12
2	Interpretación da documentación técnica.	Estudio e interpretación do percorrido das prendas e partes das prendas, así como a selección das máquinas para a realización do proceso. Estudio da realización e interpretación de listas de fases, fichas técnicas do modelo e de calidade.	10	12
3	Puntadas e costuras NORMAS UNE.	Estudio e aplicación de puntadas e costuras. NORMAS UNE, así como a súa práctica. Preparación de fornituras e apliques en función das costuras e puntadas. Aplicación de normas de seguridade e parámetros de calidade.	30	12
4	Manexo e posta a punto dos equipamentos de pasar o ferro.	Estudio e preparación dos equipos de pasada de ferro, así como os seus principais utensilios. Aplicación de normas de seguridade.	7	12
5	Ensamblaxe de partes de prendas téxtiles.	Confección de partes de prenda (saías, pantalóns, blusas, vestidos, prendas de sastrería...) Aplicación das normas de seguridade e parámetros de calidade.	78	14
6	Ensamblaxe de prendas completas téxtiles.	Confección e aplicación de fornituras en prendas: saías, pantalóns, blusas ou vestidos ou prendas de sastrería con ou sen mangas, artigos (estoxos, neceseres, bolsas, manteis...) Realización de operacións intermedias e finais nas prendas ou artigos a confeccionar. Aplicación de normas de seguridade e parámetros de calidade.	126	14
7	A pel na confección. Ensamblaxe dun produto en pel.	Confección de prendas ou produtos en pel: saías, artigos (estoxos, neceseres, bolsas...) Realización de operacións intermedias e finais nas prendas ou artigos a confeccionar. Aplicación de normas de seguridade e parámetros de calidade.	25	12
8	Control de calidade do produto final	Estudio dos factores positivos e negativos de calidade na confección industrial. Control de calidade dos artigos realizados durante o curso.	10	12

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Manexo e posta a punto das máquinas de coser.	33

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara máquinas e outros equipamentos de ensamblaxe en confección industrial, e xustifica as variables seleccionadas e os seus valores de consigna.	NO
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais nos procesos de confección industrial, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as variables que cumpra regular para controlar o proceso.
CA2.2 Recoñécense os valores de consigna dos equipamentos e das máquinas do proceso de ensamblaxe na confección industrial.
CA2.3 Realizáronse as operacións de montaxe e desmontaxe, lubricación, limpeza, regulación, axuste e carga de programa (máquinas informatizadas), utilizando os procedementos e as técnicas industriais.
CA2.5 Realízouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de ensamblaxe e remate.
CA2.6 Resolvéronse anomalías sinxelas nas pezas e nos elementos de máquinas de coser ou termofixar, para o que se valorou o seu desgaste ou a súa rotura, e identifícanse as súas causas ou os factores que as provocan.
CA2.8 Realízouse a preparación e o mantemento de uso con autonomía, orde, método e precisión.
CA2.9 Identifícanse as máquinas e equipamentos necesarios para confeccionar prendas
CA5.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas e útiles para a confección industrial.
CA5.2 Respectáronse as normas de seguridade no manexo das máquinas de ensamblaxe en confección industrial.
CA5.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas para a ensamblaxe e acabamentos na confección industrial.
CA5.4 Descríbense as medidas de seguridade e de protección persoal que se deben adoptar na preparación e na execución das operacións de confección industrial.
CA5.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de ensamblaxe e acabamentos coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA5.6 Identifícanse as posibles fontes de contaminación ambiental.
CA5.7 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA5.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de confección industrial.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Dominio da máquina de coser
Sistemas de seguridade segundo o tipo e a funcionalidade da máquina.

**Contidos**

Lubricación e engraxamento das engrenaxes e dos elementos operadores das máquinas de confección industrial.

Mantemento de primeiro nivel nas prensas e nos ferros do proceso de confección. Caldeiras de vapor. Aire comprimido. Niveis de auga.

Sistemas de seguridade segundo o tipo e a funcionalidade da máquina.

Identificación de maquinaria e equipamentos.

Máquinas de ciclo fixo e de ciclo variable.

Máquinas programables de confección industrial.

Máquinas auxiliares.

Máquinas de ensamblaxe por termoseladura e pegadura.

Posta a punto das máquinas de confección industrial.

Sistemas de seguridade específicos: funcionamento e comprobación.

Mantemento de primeiro nivel en máquinas e ferramenta de ensamblaxe en confección industrial: Cambio de agullas e sistemas de arrastre nas máquinas industriais de confección. Galgamento dos elementos móbiles nas máquinas industriais de confección. Lubrica

Tipos e clases de arrastres nas máquinas de confección industrial: simple, dobre, triplo arrastre, por rolos e manual.

Normas de prevención de riscos.

Orde, limpeza e conservación do posto de traballo.

Normativa de seguridade na utilización de máquinas, útiles e equipamentos complementarios de ensamblaxe e acabamentos na confección industrial.

Normas de seguridade nas operacións con adhesivos.

Normas de seguridade individual e ambiental na utilización de produtos químicos en tratamentos especiais de acabamentos.

Normas de seguridade para a almacenaxe de pezas e artigos téxtiles e de pel.

Elementos de seguridade implícitos nas máquinas de ensamblaxe e remate na confección industrial.

Elementos externos de seguridade (luvas metálicas e lentes).

Condições de seguridade do posto de traballo.

Ergonomía na confección industrial.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Interpretación da documentación técnica.	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona a información salientable para a confección industrial, para o que interpreta documentación técnica en relación coas características do produto final.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Elaboráronse diagramas dos procesos de fabricación.
CA1.2 Establecéronse as similitudes e as diferenzas de organización, funcionamento e produción nos procesos industriais.
CA1.3 Especificáronse as principais fases e operacións dos procesos.
CA1.4 Vinculáronse máquinas e equipamentos que para empregar nas fases do proceso.
CA1.5 Interpretouse a documentación relacionada co control de calidade proceso de confección industrial.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Operacións nos procesos de confección industrial.
Diagramas e listaxes de fases.
Organización, funcionamento e produción en procesos industriais de confección.
Distribución en planta (representación de máquinas e diagramas de percorrido).
Fichas técnicas.
Plan para a mellora continua de métodos e tempos.
Documentación relacionada coa ensamblaxe: fichas técnicas e manual de procedementos.
Rexistro de incidencias.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Puntadas e costuras NORMAS UNE.	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Ensambla compoñentes e fornitureas, e describe as técnicas seleccionadas en relación coas características do produto final.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.11 Realizáronse todo tipo de puntadas e costuras na confección industrial en téxtil e en pel. Norma UNE 40511:2002 : puntadas grupo: 100 - 300 - 400 - 500 e 600. Costuras fundamentais: superpostas, engarzadas, reberetadas, no borde e ornamentais.
CA3.12 coñecéronse todo tipo de puntadas
CA3.13 Realizáronse todo tipo de costuras fundamentais a máquina
CA3.14 realizáronse todo tipo de costuras fundamentais a man
CA3.15 Identificáronse todo tipo de costuras fundamentais a máquina

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Termoseladura.
Termoseladura.
Sistemas de costura industrial segundo tipo de materiais para ensamblar.
Tipos e clases de agullas: Numeración das agullas. Clasificación das agullas en función do modelo ou o tipo de máquina, e segundo o seu número. Relación entre agulla e tecido. Selección adecuada da agulla segundo o traballo que se realice.
Puntadas e costuras na confección industrial en téxtil e en pel. Norma UNE 40511:2002 : puntadas grupo: 100 - 300 - 400 - 500 e 600. Costuras fundamentais: superpostas, engarzadas, reberetadas, no borde e ornamentais.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Manexo e posta a punto dos equipamentos de pasar o ferro.	7

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara máquinas e outros equipamentos de ensamblaxe en confección industrial, e xustifica as variables seleccionadas e os seus valores de consigna.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.3 Realizáronse as operacións de montaxe e desmontaxe, lubricación, limpeza, regulación, axuste e carga de programa (máquinas informatizadas), utilizando os procedementos e as técnicas industriais.
CA2.4 Efectuouse o cambio de brazos e de pratos en máquinas e en equipamentos de pasar o ferro, de axuste e regulación de presión e vapor, de aspiración, de soprado, de secado ou arrefriamento e de temperatura, en función do material.
CA2.8 Realizouse a preparación e o mantemento de uso con autonomía, orde, método e precisión.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
OMantemento de primeiro nivel nas prensas e nos ferros do proceso de confección. Caldeiras de vapor. Aire comprimido. Niveis de auga.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Ensamblaxe de partes de prendas téxtiles.	78

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Ensambla compoñentes e fornituras, e describe as técnicas seleccionadas en relación coas características do produto final.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbiuse o procedemento de manexo de máquinas de ensamblaxe na confección industrial.
CA3.2 Seleccionouse a maquinaria e os accesorios segundo o procedemento de ensamblaxe.
CA3.3 Seleccionáronse os materiais para a ensamblaxe (tipos de fío e adhesivos).
CA3.5 Aplicáronse técnicas de ensamblaxe utilizando diferentes técnicas de unión e tipos de materiais.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Listaxes de fases
Procedementos de manexo de máquinas de ensamblaxe industrial.
Confección de pezas téxtiles: proceso e execución.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Ensamblaxe de prendas completas textiles.	126

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara máquinas e outros equipamentos de ensamblaxe en confección industrial, e xustifica as variables seleccionadas e os seus valores de consigna.	NO
RA3 - Ensambla compoñentes e fornitureas, e describe as técnicas seleccionadas en relación coas características do produto final.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.7 Verifícase a calidade da preparación dos compoñentes (aparencia, exactitude á forma e tipo de rebaxe) e dos aspectos globais (fidelidade ao patrón, localización de bordado, adobio e/ou fornitureas).
CA3.4 Estableceuse a secuencia ordenada das fases da ensamblaxe consonte a información técnica.
CA3.6 Verifícase a calidade da ensamblaxe ou unión de costuras, a pegadura ou a termosejadura, e corríronse as anomalías detectadas.
CA3.7 Efectuouse a ensamblaxe con autonomía, método, pulcritude e criterio estético.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Fornitureas e apliques na confección industrial.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A pel na confección. Ensamblaxe dun produto en pel.	25

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Ensambla compoñentes e fornitureas, e describe as técnicas seleccionadas en relación coas características do produto final.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.8 Preparáronse as peles para a pegada
CA3.9 Coseuse un artigo de pel con calidade e criterio estético utilizando todas as técnicas de ensamblaxe precisas para esta materia
0CA3.10 Relacionáronse as características especiais na confección da pel

**4.7.e) Contidos**

Contidos
0Pegada das peles. Produtos: adhesivos e colas.  Costuras na ensamblaxe de tecidos e pel.  Características específicas das máquinas para confección de pel.  Costuras na ensamblaxe de tecidos e pel.  Características específicas das máquinas para confección de pel.  Preparación das peles para a pegada: utensilios.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Control de calidade do produto final	10

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Controla a calidade do proceso, na procura da súa mellora continua.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense os factores que cumpra ter en conta para establecer a calidade dunha peza, ou dun artigo téxtil ou de pel.
CA4.2 Identifícanse os tipos estándares de calidade en función dos produtos e dos procesos de confección.
CA4.3 Recoñécense os controis de calidade aplicables ao funcionamento da maquinaria.
CA4.4 Identifícanse as normas de calidade.
CA4.5 Valorouse a xestión da calidade.
CA4.6 Recoñécense os rexistros do sistema de xestión de calidade.
CA4.7 Caracterizouse o plan para a mellora continua.
CA4.8 Definiuse o procedemento para a análise dos resultados obtidos na revisión do sistema de xestión da calidade.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Normas de calidade na confección industrial téxtil.
Normas de calidade na confección industrial de pel.
Concepto de calidade.
Factores que interveñen na calidade dunha peza ou dun artigo téxtil ou de pel.
Estándares de calidade.
Calidade do proceso (máquinas, útiles e ferramentas): controis intermedios.
Calidade na confección de pezas de pel.
Recoñecemento dos rexistros do sistema de xestión da calidade.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### OS MÍNIMOS EXIXIBLES:

Os mínimos exigibles son todos os Criterios de Avaliación presentes no currículo e todos aqueles dispostos polo docente se os houber, e todos os Contidos presentes no currículo e os dispostos polo docente tamén se os houber.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O alumno será avaliado segundo o peso aplicado a cada un dos criterios de avaliación (C.A.). As porcentaxes aplicados a cada criterio de avaliación están reflectidos nesta mesma programación no apartado 4.c. En cada traballo ou proba, sumaranse estas porcentaxes en función dos ítem das táboas de indicadores.

Se quedara algunha unidade didáctica (U.D.) incompleta no trimestre, para obter a nota calcularíase a porcentaxe correspondente.

Proporcionaráselle aos alumnos una táboa con ditos criterios e porcentaxes para que poidan verificar as puntuacións.

Todos os C.A. serán avaliados mediante uns instrumentos de avaliación determinados. Estes instrumentos de avaliación poden ser:

PROBAS ESCRITAS

TÁBOAS DE OBSERVACIÓN

TÁBOAS DE COTEXO.

Estes instrumentos pódense aplicar sobre procesos ou procedementos de traballo na aula, resultados ou produtos de traballos realizados e probas escritas e/ou probas prácticas.

Polo tanto, cada avaliación constará de:

- 1- PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: un ou máis exames con cuestións teóricas e/ou unha ou máis probas prácticas de taller.
- 2- TRABALLOS PRÁCTICOS EN TALLER: uns traballos propostos que teñen que estar rematados e entregados en prazo.
- 3- OBSERVACIÓNS DE PROCEDEMENTO unhas observacións sobre a actividade realizada na aula.

Cada unha destas metodoloxías de avaliación, veñen determinadas nesta mesma programación no apartado 4.c.

### CÁLCULO DA NOTA FINAL DA AVALIACIÓN:

Esta nota será calculada coa suma de tódalas puntuacións acadadas nos C.A. correspondentes nestas tres probas e calculando á media aritmética. A nota mínima en cada unha delas debe ser 4 sobre 10 para facer media, e a nota mínima da media resultante, debe ser 5 sobre 10 para aprobar a avaliación.

### CONDICIÓNS IMPORTANTES:

Se o alumno é sorprendido copiando durante a execución dunha proba, suporá un cero na nota

Se o alumno non superase algunha tarefa ou exercicios propostos, por non entregalo nas datas fixadas ou por non acadar os mínimos establecidos, terá que facer no mes de marzo a correspondente recuperación da tarefa ou exercicio trimestral non superado.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Realizaranse actividades de recuperación atendendo as dificultades específicas presentadas polo alumnado e ós recursos dispoñibles. Estarán baseadas na insistencia nas tarefas non superadas ás que darase unha atención individualizada segundo as circunstancias de cada alumno.

Realizaranse probas de recuperación de tipo teórico ou práctico, segundo proceda, así como os traballos o exercicios que considérense necesarios

para a correcta e xusta avaliación dos coñecementos.

O alumno que non superase algunha ou a totalidade das probas avaliadoras realizadas nos trimestres (exames, traballos ou exercicios), terá no mes de xuño a posibilidade de presentarse a unha nova proba para recuperar o módulo. Deberá entregar todos aqueles traballos que non houbera entregado a tempo durante o curso.

Como na avaliación ordinaria, terase en conta o seguinte ao valorar os resultados:

O criterios de cualificación, seguirán a mesma dinámica que os aplicados na avaliación ordinaria, haberá probas escritas, traballos, e criterios de observación de procedemento. Deberase acadar un mínimo 5 puntos sobre 10 de para poder superar o módulo.

Unha vez superada a avaliación dos contidos, a nota resultante obterase aplicando as mesmas porcentaxes da avaliación ordinaria.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

A perda do dereito de avaliación continua neste módulo acadarase cando o alumno supere en faltas sen xustificar o 10% das horas totais de dito módulo. O alumno con perda do dereito de avaliación deberá facer ao final do curso unha proba teórico-práctica de toda a materia, na que deberá acadar unha nota de 5 puntos ou superior para ter a materia aprobada.

No caso de non haber traballos propostos a nota calcularase do seguinte xeito:

50% exame teórico

50% exame práctico

Os dous exames deberán acadar unha nota mínima de 4 puntos ou superior para facer a media.

No caso que haxa traballos propostos, a nota obterase aplicando as porcentaxes seguintes:

A nota resultado da media de todos os traballos

A nota resultado dos exames teóricos

a nota resultado dos exames prácticos

As tres notas farán media entre sí

Os exames deberán acadar os 4 puntos ou superior para que se faga media

Os traballos deberán estar entregados todos, en tempo e forma ou non farán media e deben ter mínimo de 4 puntos ou superior para facer media

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A ORDE de 12 de julio de 2011 na que se regulan procedementos de avaliación, no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento da Familia Profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grao el de cumprimento e unha xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación será revisada ao inicio do curso e entregarase unha memoria final de curso.

No seguimento da programación teranse en conta os principais indicadores do grao do cumprimento e as conclusións do docente ante calquera continxencia ou retraso:

1. O grao de cumprimento da temporalización

2. O logro dos obxectivos programados

### 3. Os resultados académicos acadados

Para o seguimento mensual, utilizarase a plataforma de Programacións no seu apartado Seguimento de programación. Aquí reflectirase o grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de desviacións.

Así mesmo, nas reunións do Equipo Docente, informarase sobre isto e farase constar na acta.

Para a memoria final, débese utilizar o modelo proporcionado pola Xefatura de Estudos ao final do curso, nesta memoria, se reflexara o grao de cumprimento expresada en porcentaxe, e unha valoración dos resultados académico obtidos.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

o DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, establécense os principios, e fins do sistema educativo, destacando entre os principios que o inspiran a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado. Como principio que rexe esta lei, hai que atender a cada un dos alumnos con medidas diferentes e adecuadas, atendendo á súa diversidade, co fin de axudarlles acadar o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Neste caso, por ser un grupo de FP dual, integrado por adultos, aínda que non se poden descoidar estes aspectos, é previsible que sexa un grupo homoxéneo e que non sexa necesario aplicar grandes diferenzas na atención a cada un deles.

Atendendo á ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial e segundo recolle no seu Artigo 28 farase unha sesión de avaliación inicial ao principio do curso na que eu, como titora do grupo, informarei ao Equipo Docente das características e capacidades individuais de cada alumno e das peculiaridades do grupo. Esta información recollereina do expediente do alumno, accesible no XADE; da información que recade entre o profesorado que os coñece do primeiro curso e das actividades e do contacto que teñamos na aula os primeiros días de clase.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na Formación Profesional o Reforzo Educativo é fundamental para cubrir as necesidades particulares de cada alumno. Posto que non existen adaptacións curriculares na FP, unicamente como medida extraordinaria de atención a la diversidad poderá valorarse ao principio de curso unha flexibilización modular, ben meditada, adaptada ás necesidades e capacidades e consensuada co alumno ou de ser menor de idade, consensuada cos pais.

COMO MEDIDAS ORDINARIAS, DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICAREI AS SEGUINTES:

- Resposta individual aos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Un seguimento intensivo e individualizado con cada un dos alumnos.
- Tutorías e comunicacións orientadas ao reforzo positivo
- Traballo colaborativo como metodoloxía para potenciar a inclusión respectando a diversidade.
- Programas de recuperación específicos para as materias non superadas, realizando as probas e exames necesarios para cada alumno, co fin de alcanzar o resultado positivo na adquisición das competencias
  - Nas horas de tutoría prestarase atención especial aos alumnos que necesiten axuda extra do profesor.
  - Cando un alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, reforzaranse as actividades e, si el o demandase, propoñeránselle traballos sinxelos extraordinarios ata a súa reincorporación ao grupo no ritmo normal que sigue a clase.
  - Reforzaráselle e axudaráselle para que non se sinta illado do grupo ó que pertence.
  - No caso de alumnos que teñan un nivel superior a media, en ningún caso frearase a súa aprendizaxe, sino que se lle dará a posibilidade de

realizar máis tarefas e exercicios, aumentando si cabe un pouco a complexidade dos mesmos co fin desenvolver o mellor posible o seu potencial durante o curso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

ormación Profesional ten un carácter técnico, pero no por iso se pode esquecer a educación en valores, que é tan importante como calquera ensinanza obrigatoria decretada no currículo. Esta é sumamente importante, polo tanto, ao longo deste módulo traballarase intensamente para inculcar pautas morais que axude aos alumnos a se converter en cidadáns responsables. Así pois, podemos destacar:

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE:

Estará sempre presente, xa que, en ningún momento farase diferenza entre o alumnado por causa de sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica diferenciadora. Todos por igual, desempeñarán tódolos roles, incluídos os que habitualmente se asumen como masculinos nun taller de calzado (manexo de ferramentas, pesos, etc.) e como femininos (costura manual, limpeza de talleres). propoñendo o traballo en equipo compartindo entre alumnas e alumnos en todo momento.

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL:

é fundamental fomentar O respecto ao medio ambiente E á natureza; promover o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, tecidos, auga, electricidade, etc. Insistirase na reciclaxe e na conservación. Realizaranse actividades de reciclaxe de materiais, co fin de educar o hiperconsumismo irresponsable, orientando cara unha economía solidaria, sostible e circular;

#### EDUCACIÓN PARA A SALÚDE; Tanto persoal como colectiva:

É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como unhas adecuadas prácticas de saúde, limpeza e hixiene, sen obviar que hai que educalos, para que a nivel profesional atendan súa saúde, pero tamén á dos demais, como elemento cotián do seu traballo.

#### EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA:

Procurarase resolver conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: propostas e ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de exames, etc. Prevención de riscos laborais: O módulo contempla numerosos CA dirixidos á prevención de riscos, polo tanto, a cultura e a educación na prevención de riscos laborais será intensa e estará presente na aula ao longo do curso, ademais de ser expresamente avaliable.

#### EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

fomentarase entre os alumnos un consumo responsable, tanto Dos seus propios materiais como dos do Centro (tecidos, material informático, peles...). Na industria do calzado trabállase con materiais caros, e que tardan en se degradar, as peles, e as gomas de solas son de prezo elevado, por iso, inculcarase o sentido do aforro deses materiais.

#### INTERCULTURALIDADE:

Traballando dende o principio do respecto ás distintas culturas e xeitos de entender o mundo; véndoo como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas aulas de alumnos doutras culturas que axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.



## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Estas actividades están previstas para realizar durante o curso escolar sempre que se poidan levar a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase entre os dós trimestres e dependerán da dispoñibilidade presupostaría.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Visita a diferentes empresas del confección para ver o proceso de produción

Visita a STL para ver o taller de bolsos e de indumentaria

Visita a AD

Visita á empresa de curtidora Picusa, para ver o proceso de curtición da pel.

Actividades extraescolares: (Magosto, Samaín, etc.)

## 10.Outros apartados

### 10.1) Metodoloxía

A metodoloxía maioritariamente será práctica nunha porcentaxe maior á teórica. Realizaráanse tres avaliacións, Cos resultados das avaliacións trimestrais farase a avaliación final no mes xuño ao remate do curso académico.

### 10.2) Traballos

Os traballos que sexan obxecto de avaliación serán devoltos ao alumnado ao terminar cada avaliación e unha vez rematado o período de reclamacións. Cada alumno terá que firmar nun documento no que se compromete a non reclamar despois de que lle sexa devolto o traballo.

O centro quedarase coas copias pertinentes en fotografías para poder xustificar a avaliación destes traballos

### 10.3) Recursos

Para o desenvolvemento deste módulo empregaranse os recursos existentes no Centro Educativo: instalacións (aulas - taller), maquinaria e outros bens mobles (ordenadores, máquinas de coser, mesas de corte...), materiais técnicos (tecidos, adhesivos, fios,...) e material docente e de estudo (libros, revistas técnicas...)